NOVONEYRA
OS EIDOS
Anxo Tarrío Varela ed.
Manuscrito
autógrafo 1952-1954
contrastado
coa edición
orixinal (1955)
GAAP
GRUPO ALEA
DE ANÁLISE
POÉTICA

■ **Anxo Tarrío** é autor da edición contrastada entre o derradeiro manuscrito e a edición orixinal e tamén da nota introdutoria.

■ **Inone Depretto** deseñou a capa a partir da reelaboración dunha ilustración de Carlos Maside incluída na edición d'*Os Eidos* de 1955.

■ **MMB** ocupouse do deseño e maquetación da obra.

■ Compostela, abril de 2012.

DE ANÁLISE
POÉTICA
GAAP
GRUPO ALEA
DE ANÁLISE
POÉTICA

Primera folla do manuscrito definitivo d'*Os eidos*, que serviu para realizar a 1ª edición na editorial Galaxia (Vigo, 1955).

O soporte do manuscrito é un taco de notas, semellante aos que correntemente se mercan aínda hoxe nas tendas de papelaría, de 146 x 202 mm, fabricado para 100 unidades de papel común, sen capa de cuberta e cunha contracapa dura de cartón para manter ríxido o corpo total do conxunto. As follas están solidamente compactadas mediante unha matriz de 17 mm de ancho e levan a carón dela cadansúa liña de puntos tradeados que facilitan a operación de arrincar, por acaso, algunha folla.

No que respecta á compaxinación, velaquí os resultados da pescuda sobre o manuscrito orixinal tal e como nos foi detallada por Juan Blanco Valdés, Director do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, en cuxa imprenta se imprimiu unha edición facsimilar con motivo do Día das Letras Galegas dedicado ao poeta Uxío Novoneyra en 2010.

— Faltan 15 follas antes do que podemos considerar a portada, onde Novoneyra comezara a paxinar. A paxinación está feita con coñecemento editorial, pois Novoneyra conta a eses efectos (malia non folialas co número) todas as páxinas brancas (do reverso).
— As páxinas 3/4 e 11/12 están arrincadas, pero contan na paxinación, o cal indica que contiñan algo escrito ou debuxado.
— Na páxina 5 figuran unicamente dúas liñas curtas nas que se le: "Carta a Novoneira/por R. Piñeiro", que non figura no manuscrito pero que serve de pórtico á primeira edición de 1955.
— A primeira páxina con folio numérico é a 13 ("Invocación do Caurel").

— Entre a 96 e a 97, foi arrincada unha folla (que non conta na paxinación).
— Entre a 128 e 129, foron arrincadas dúas follas (que non contan na paxinación).
— Entre a 134 e a anteportada do “Glosario galego-castelán” foi tamén arrincada unha folla (que non conta na paxinación).
— Foron así mesmo arrincadas tres follas ao final.
— En total, saen 24 follas arrincadas. Como na matriz do bloc se declaran “100 hojas”, supoñemos que esas seis que faltan non deixaron restos na matriz.

Xénese (parcial) da primeira edición
d'*Os Eidos* (Vigo: Galaxia, 1955),
de Uxío Novoneyra

Por Anxo Tarrío Varela



Cuberta da 1ª edición

Metodoloxía

— Faise a trancrición completa do manuscrito e un seguimento paralelo da 1ª edición do libro *Os eidos* (1955), con indicación das interpolacións, engadidos e supresións que presenta a versión impresa respecto da manuscrita.
— Anótase a paxinación de ambos os dous textos, a do impreso entre corchetes **[ ]** e cor **marrón**, con dobre marcador diacrítico para diferenciala mellor visualmente da paxinación do manuscrito, representada unicamente en números con cor diacrítica verde. A este respecto cómpre fixarse en que as páxinas virtuais, é dicir, as que non figuran marcadas nos textos pero tivéronse en conta a efectos da paxinación total, péchanse entre chaves de cor **marrón { }** ou **verde { }**, segundo os casos.
— Empregamos cores diferentes tamén para indicar cuestións varias. A **verde** indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella** refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal manuscrito ou que figura neste pero con algunha variente ortográfica, morfolóxica, tipográfica e mesmo léxica ou de colocación na distribución versal. A **negra** responde ás indicacións do autor desta edición xenética parcial. (Enténdese aquí por *parcial* o feito de que non se procurase facer a xénese do manuscrito, que nos levaría a investigar a de todos e cada un dos poemas contidos nel, senón a xénese da 1ª edición. Esta partiu con seguridade do manuscrito autógrafo cuxa edición facsimilar



NOVONEYRA naceu no Caurel en 1930. Alí ten as súas raigañas máis fondas, pois si baixou de aquelas terras esgrevias pra dúas ausencias que lle habían de ser decisivas —pra cursar estudos en Lugo i en Madrid e máis pra cumplir o servicio militar en Compostela—, sempre, ó cabo, retornou á súa casa de Parada de Moreda.

No Instituto de Lugo foi compañeiro de Manoel María, o poeta da Terra Chá, que xa facía versos entón. Novoneyra, en cambio non foi poeta precoz. A súa adicación literaria comenzou máis tarde, cando estaba xa en Madrid, e consagrouse a ela por consello de Gamallo Fierros.

En Madrid fixo dous descobrementos de intensa e fonda repercusión na orientación espritoal da súa vida: a Poesía i o Amor. No ano 51 voltou pra o Caurel con un libro de versos na maleta e co corazón iniciado nos punxentes segredos do amor.

Un ano máis tarde baixou de novo pra cumprir o servicio militar en Compostela. Coincidíu outravolta, coma no Instituto de Lugo, co poeta chairego Manoel María. En Compostela descobríu unha nova dimensión do seu ser: *o sentimento da Terra*. Con iste descobremento, Novoneyra acadaba as súas raíces galegas. E xurdíu, de xeito natural, a súa poesía galega. OS EIDOS refrexan ise sentimento.

De volta no Caurel, afondando e afondando nos abismos do seu propio ser, chegou á esperiencia da soedade radical do home. Soupo espresala con agudo patetismo nos poemas *Ondas de Saudade* que, a xeito de apéndice, figuran niste libro OS EIDOS.

A Saudade como doenza i o Amor como tentativa de curación son os dous polos en que aitualmente afinca a vida espritoal do poeta das *terras outas e soias do Caurel*. Dous libros inéditos refrexan isa esperiencia alternante: *O Libro das Cantigas* e máis a peza de teatro nomeada *A Noite é máis que unha pecha escuridade*.

Lapela 1ª edición

publicamos xa en maio de 2010 con motivo da homenaxe que levou a cabo a Universidade de Santiago de Compostela en honra da figura elixida pola Real Academia Galega como centro de atención e de estudo para o ano en cuestión; neste caso, o poeta Uxío Novoneyra que hoxe propicia este traballo.)

Os asteriscos (*) indican que as palabras ás que se engaden figuran no **Glosario galego-castelán** do orixinal manuscrito.

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver



Preportada da 1ª edición. Agradecemos a Salvador García-Bodaño a cesión do exemplar, asinado co seu autógrafo nesta páxina.

Ampliar


NOVONEYRA

OS EIDOS

TERRAS OUTAS E SOIAS DO CAUREL
1952-1954

EDITORIAL GALAXIA, S.A.

Portada da 1ª edición

Ampliar

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver



A Carlos Maside e Ramón Piñeiro,
homes de Compostela, na tarde.

Dedicatoria pública

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Ampliar

Os eidos

Terras outas

e sóias do Caurel

1952-1954

Novoneira

Novoneyra

OS EIDOS

GALAXIA

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver



Sen paxinar (s/p) {1-12}

Ampliar

Carta a Novoneyira
Carta a Novoneira
por R. Piñeiro

O manuscrito presenta neste punto os vestixios dunhas follas arrincadas da matriz do cuaderno que quizais contivesen unha copia da carta de Ramón Piñeiro que figura na 1ª edición (1955) d'*Os eidos* e que reproducimos fotograficamente a seguir.

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver



CARTA A NOVONEYRA

Querido Novoneyra:

Desque te deixei en Compostela vai pra un mes, hastra onte non dei chegado á miña terra luguesa de Láncara. Craro que non fixemos o viaxe polo camiño máis corto, pois de Santiago marchámonos, como sabes, dreitos a Xixón, onde botamos algo máis de unha semán, e dende alí demos volta pra Galicia pola liña de Luarca; mais tampouco fixemos o viaxe seguido hastra Lugo, porque en Castropol estábanos agardando Fermín e máis Blanquita Penzol e demoramos uns días con iles. Alí en Castropol tiven vagar e sosego pra ler varias veces os versos de OS EIDOS. Naquil ambiente de acougo, pleno de esencias galegas, aquecíame lelos unha i outra vez. Algunhas mañás, dispois de contempláremos a fermosa perspectiva da ría dende a fiestra do comedor, líamos os catro xuntos ises teus poemas, que nos deixaban no esprito unha impresión tan pura e levián como a que nos deixaba na pel a brisiña lixeira que viña do mar.

9

[9]

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver



Como é natural, falamos moito diles, ben for alí mesmo, acarón da fiestra, ben na horta, debaixo da meirande avelaira que nunca teño visto, grande coma unha faia da Devesa de Rugueira, ou ben pola estrada de Asturias cando aló ás tardiñas ibamos camiñando pouco a pouco cara San Roque. Foi nistas leituras e conversas cando máis fondamente me cheguei a familiarizar co teu libro. Hoxe non quixera facer outra cousa que resumirche as impresións e xuicios de aquiles días tan gratos que alí pasamos e nos que, en certa maneira, tamén estiveches tí presente sin o saberes.

Como ás veces ó falar da poesía falábase tamén do poeta, conteilles canto sabía das circunstancias que foran xermolando o libro dentro do teu esprito, pois eu coido que OS EIDOS foi a manifestación poética de unha das túas grandes esperiencias persoás, unha disas grandes esperiencias ou descobrementos que sinalan o curso de toda evolución espritoal e veñen a ser como os rasgos fundamentás da súa fisonomía. Tratei de lles facer patente a liña evolutiva do teu esprito tal como eu a chegara a ver a través do noso trato amistoso. Decíalles que os dous cabos disa liña víaos eu representados en dous intres: o da túa chegada a Compostela, fai pouco máis dun ano, i o da túa despedida díla, está pra facer un mes. Cando chegaches con Manuel María, procedentes os dous de Parga, viñas, por fora, coa cabeza crouquela, co carís curtido e máis con un uniforme novo de soldado, e por dentro con unha rexa e cáseque runfante confianza en tí mesmo, sin duda froito da mocedade e máis dos trunfos de poeta-rapsoda. Fai un mes, en cambio, quedabas alí coa licencia de soldado no peto e con fondas e sotis

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

[10]

Ampliar

emociós no peito. Conocíachese naquil andares solo e calado por rúas e prazas, mesmo coma si todo, o que se ve i o que non se ve, causárache respeto profundo e tiveras que te arreconchegar na túa propia intimidade. Entre a data de chegada e a de ista como atariñante despedida, pasou un ano. Un ano intenso e decisivo na túa vida espritoal, pois trasformouche a personalidade arrequecéndoa cara dentro, cara as súas raíces máis acubilladas e múrneas. Un ano no que tamén se poderían sinalar catro estacións, que teríamos que desiñar con istes nomes: Compostela, A Cruña, Caurel e Hospital Militar de Lugo...

A Compostela chegaches moi afincado en tí mesmo, ou quizáis na proieición ideal de tí mesmo, e semellabas unha especie de solitario arrogante. Un solitario xebrado emocionalmente do mundo e dos homes e moi satisfeito coa lucidía dureza diamantina do seu esprito. Cando falabas, referíaste teimosamente "ás cousas", ás que tí atribuías un posto superior ó do home na escala dos seres, talmente coma si estiveran situadas nun punto intermedio entre o home e máis Deus. Arelabas, perseguías poéticamente isa liña de perfeición. Querías que a túa poesía fose a "voz das cousas"; mais si "as cousas" eran realidás supra-humás, o que verdadeiramente querías era unha poesía supra-humá. No fondo, a perfeición que lles conferías "ás cousas" non era máis que unha proieición ideal de tí mesmo. O que chamabas "as cousas" non eran senón símbolos da túa auto-ouxetivación ideal; eran como un castelo no que estiveras choído sin dispoñer máis que de un único e lonxano horizonte celeste no que soio se albiscaran os refrexos da túa propia imaxinación. Así,

11

[11]

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Ampliar

isolado do mundo e dos homes, foi como chegaches. Pro en Compostela batiches con unha realidade viva, humá, que había de abalar a túa sensibilidade: o sentimento de identificación espritoal coa Terra. Foi a aparición dun novo mundo fora do teu castelo ideal, mesmo coma si diante de tí abrírase un horizonte distinto daquíl horizonte celeste que soio che ofrecía o refrexo lonxano da túa propia imaxinación. Un novo horizonte no que aparecían outros homes, unidos e movidos por un sentimento común de identificación coa Terra e formando todos, homes e Terra, un mundo espritoal complexo e dinámico.

Un día marchácheste de Compostela para A Cruña, onde, a favor do acougo físico de hospitalizado e da case imperceitíbele estraneza que ten a vida pra un montañés levado acarón do mar, as esperiencias compostelás foron arraizando mainamente no teu interior. E foron, además, anovadas poéticamente, ó tomares alí contaito con Rosalía e con Pondal. O que en Compostela fora realidade ouservada, na Cruña atopáchelo confirmado como realidade poética. Confirmación decisiva pra quen naceu poeta e soio poéticamente pode comprender a realidade.

Descoberta xa a identificación espritoal do home coa Terra, primeiro en Compostela como realidade viva ouxetiva, dispois na Cruña como ouxetiva realidade poética, ó achegáreste outravolta ó Caurel tiñas que sentir unha nova, fonda e vivificante esperiencia: o sentimento da túa propia identificación coa Terra. E así foi. Namáis chegares aló levado polo primeiro permiso militar, comenzaches a vivir unha crisis espritoal, unha verdadeira crisis de crecemento espritoal con turbadora frebe emotiva. Percibiches, por primeira vez, unha misteriosa, profun-

[12]

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

da i estremecente sensibilización de canto pisabas cos teus pés, de canto abranguías cos teus ollos, de canto tocabas coas túas maos, de canto escoitabas acaronciño ou lonxe de tí... Todo tiña voz, unha limpa e queda voz interior que se trasfundía na totalidade do teu ser arreguizado. Alí mesmo onde tantas e tantas veces tiñaste sentido arrodeado do indiferente mutismo de todo, agora escoitabas infinitas voces craras e distintas, talmente coma si se tratase de un inmenso clamor confidencial, ou de un máxico himno cósmico, grandioso e sinxelo, no que cada cousa falaba coa voz eterna e inmutábele da súa misteriosa verdade esencial. Así foi a túa identificación sentimental coa Terra, froito, máis que nada, de un contaito auditivo, de un escoitar a súa oculta voz. A sensibilidade auditiva e non a visual foi a que atravesou perceitivamente as paredes do castelo ideal en que estiveras anteriormente preso e te levou ó conquerimento de un mundo novo no que o Caurel convertíuse nunha parte sensíbele do teu propio ser. E naceron OS EIDOS...

Quedábache aínda a etapa final, a estación derradeira diste ano decisivo, e con ila un novo descobremento que faceres: a túa propia intimidade sentimental. Unha doenza aguda levárate ó Hospital Militar de Lugo. As mágoas da doenza e maila indiferente estraneza de aquíl mundo alleo, obrigábante a vivires en permanente e xabreira soedade. Unha soedade longa, longa, na que todo iba ausentándose, hastra as lembranzas. Pouco a pouco fúcheste quedando aconchegado dentro de tí mesmo, arredado da realidade esterior, sin máis achego que a quentura da propia intimidade sentimental. Chegaches, sin te poderes decatar, ós lindeiros mesmos da saudade.

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

[13]

Ampliar

Viviches a túa soedade radical, a soedade singular que aniña no fondo de cada ser humán. E abríuse pra tí un novo horizonte, distinto dos dous anteriores: a túa intimidade sentimental, o centro mesmo do teu propio ser.

Veleiquí, meu querido amigo, como eu vin a túa evolución espritoal dende que a nosa amistade comenzou. Nila aparecen tres dimensións distintas da túa personalidade, que sin duda permanecerán no decorrer da vida inda que alternen a súa primacía conforme ás peripecias do teu eisistir. A primeira, a única que se percibía cando chegaches a Compostela, era a da afirmación voluntariosa do teu "ego", que auto-ouxetivabas idealmente nunha cobiza un tanto unamunesca de o faceres absoluto. A segunda, que se comenzou en Compostela, madureceu e afirmouse na Cruña e froitificou no Caurel, foi un saíres do teu "ego" pra entrares en contaito emocional cos homes e co mundo e, a través diles, coa Terra. A terceira, que se produxo en Lugo, foi un quedáreste soio no teu propio interior, un entrar en contaito coa propia intimidade sentimental pola vía da soedade, do asolagamento pasivo dentro de sí. A primeira refrexouse poéticamente no teu libro "Desde las Cosas"; a segunda, niste libro OS EIDOS, que teño diante; a terceira, non o sabemos... Quizáis se refrexe algún día no gran poema da Saudade que aínda botamos de menos nas letras galegas.

Eiquí tés, en resumen, a presentación do autor de OS EIDOS que lles eu fixen en Castropol. Resumireiche agora o que entre todos falamos do libro.

Os poetas, xa se sabe, son fillos do seu tempo e da súa terra. Nuns casos máis fillos do tempo e

[14]

Ampliar

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver

noutros máis fillos da terra. Ista poesía é filla da súa terra. Pura e sinxela como a terra mesma de que naceu, como as uces, coma os encinos, coma os primarrochos... É unha poesía sin época, unha poesía carente de condicionamento histórico. A súa ouxetividade ahistórica nace da esencial identificación coa terra mesma.

O ritmo da vida nas terras do Caurel obedece á lenta reiteración do suceder cósmico. O Abril, o Outono, a Nebra, o Vento, a Chuvia, as Ametencias, as Nabaregas... son sempre as mesmas. O mesmo son agora que fai mil anos. Dentro de mil anos serán igual que agora. Non dependen da historia; non dependen pra nada do dramatismo humán. Están ahí, diante dos homes. Estiveron sempre ahí. Estarán sempre. A vida dos caurelaus está sometida ó seu decorrer reiterante. O poeta, xurdindo disa mesma vida, descríbenolas. A descrición que nos fai de cada unha, de puro esencial, é cáseque unha "definición" poética.

A vida do Caurel, niste libro de versos fíxose voz poética, fixose realidade comunicativa. Entrou no mundo da cultura, comenzou a vivir na historia. Nos comenzos da historia está a poesía. Toda gran historia debe comenzar con un gran poema. O Caurel, que pasou miles e miles de anos en silencio, agora comenzou a ter voz, comenzou a se sentir redimido do seu longo e frío mutismo xeolóxico pola gracia da palabra poética. Deica agora formaba parte da unidade xeolóxica e xeográfica de Galicia; dende agora entra a formar parte de súa unidade histórico-cultural. Na configuración histórico-cultural de Galicia acaba de cobrar presencia un novo e valioso elemento, que se nos revela na pureza esencial de

15

[15]

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

uns versos inxeles. O espertar do Caurel tiña que ser así: espontáneo, sinxelo, elemental. Non esperta de un soño secular, perdido no pasado histórico, porque o Caurel non ten pasado "histórico". O seu pasado é anónimo, escuro, ahistórico, milenariamente profundo. Por iso o seu espertar é inxénuo, sinxelo, elemental. Non esperta invocando mitos, lendas, héroes ou grorias pasadas. O seu espertar é mesmo coma un romper a falar inicial, é o gozo estremecido de "nomear" as cousas. O seu mesmo nome —o nome do Caurel— non garda en sí ningún eco de resoanza histórica nin alude a héroes lexendarios. Alude sometes á direición de un vento.

¿Por qué non imaxinármonos un espertar poético de todalas demáis terras galegas? O mesmo que o Caurel, a Terra Chá, e Lemos, e Melide, e A Peroxa, e Deza, e Fisterra, e Monterrei, e A Limia, e todalas demáis. O día que cheguemos a ter un Cancioeiro poético no que se recolla e se refrexe a voz de todalas terras galegas como en OS EIDOS se refrexa a do Caurel, daquela contaremos co gran Poema de Galicia, con isa especie de epopeia coleitiva na que todolos pobos refrexan o seu ser. Porque Galicia, que ten grandes poetas, non ten aínda o seu gran Poema. E o gran Poema de Galicia non poderá ter realidade senón refrexando a voz da Terra. Na vida da cultura galega, a Terra é un elemento aitivo i esencial. A nosa realidade cultural ven a ser a integración do humán e mailo telúrico, cualidade peculiarísima da nosa cultura, quizáis a máis difícil de comprender pra os alleos. Sin a base telúrica, a nosa espresión puramente humán é parcial, incompleta, sometida a perene vaguedade... Cando a escura e podente presencia da Terra acade trasparencia verbal,

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

[16]

Ampliar

o esprito galego terá descoberto a base, o substrato fundamental no que as súas raíces afincan. Perderá a vaguedade atoutiñante do que se move no ignoto, no escuro e impalpábele. Porque a cultura galega nace da peculiar situación espritoal do home galego, que non é, como na maoría dos casos, o froito, o refrexo da intensa e integral relación do home cos outros homes. Eiquí a situación radical do home non consiste fundamentalmente na relación cos outros homes, senón na relación coa Terra; consiste na súa relación coa "vida cósmica" máis que na súa relación coa "vida social".

No decorrer da nosa cultura aitúan dous elementos fundamentás: o elemento histórico, que ten un dinamismo de ritmo mudadizo, e máis o elemento cósmico (a Terra), que é permanente e ten un dinamismo de ritmo lento e reiterante. A evolución da nosa poesía arrinca da asimilación de correntes culturás históricas (de unha época), e camiña cara o descobremento da Terra. Parte do elemento mudábele pra se achegar ó elemento permanente. A súa maturidade plena producirase cando teña desenvolto istas tres etapas:

I. O espertar inicial baixo o eco de unha corrente cultural histórica, etapa que antre nós comenzou co Romantismo, de certo por se tratar de unha corrente espritoal afín á nosa propia sensibilidade.

II. O descobrir a realidade cósmica, a Terra, o elemento básico permanente, tendencia que xa dende os comenzos se fixo presente na nosa poesía.

III. A síntesis, a integración do elemento cultural "histórico" co elemento "cósmico". Ou seña: a entrada da Terra na historia.

17

[17]

Ampliar

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver

Iste libro OS EIDOS marca o gran comenzo da segunda etapa, porque nil preséntasenos por primeira vez isa direición poética seguida de maneira crara e conscente. Noutros poetas anteriores —Rosalía, Pondal, Noriega— móstrase xa ista tendencia, mais en poemas isolados e sin a conscente craridade que envolve iste libro. Pondal, por exemplo, era home dotado pra iste descobremento. Algúns dos seus poemas responden a ista elementalidade sinxela e case impersoal. Con todo, preferíu abertamente envolver o seu mundo "bergantiñán" nunha atmósfera histórico-lexendaria creada por il mesmo. Non o tomou tal e como é na súa cósmica espontaneidade, senón que lle impuxo o rexo calco da súa propia personalidade espritoal. En lugar de ser a voz poética de Bergantiños, Bergantiños foi o achaque pra il crear un mundo poético persoal. O que nos ofrece é un Bergantiños "pondalián". Exercendo un señorío poético sin límites, Pondal traslada Bergantiños a un tempo histórico "imaxinario". Fai que un tesouro de lembranzas históricas —céltigas —apareza acochado nos rastros toponímicos de Bergantiños. Vai resucitando isas lembranzas con soio debullar os segredos de cada nome. Coma un deus solitario, transforma os nomes en seres animados, en pobos, en espritos máxicos. Recollendo nomes perdidos, nomes escuros coma pedras dos camiños, sábelles infundir alento e brilo espritoal, talmente coma si fosen antergas moedas soterradas nas que íl soupera ler vellas historias heroicas. Sábeos transformar nun universo persoal cheo de sentido interno e dotado, incluso, da forza trascendente (poética) de un mundo histórico verdadeiro. Con forza de xigante crea un

[18]

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

universo persoal. Mais, ó cabo, iste universo "será sempre persoal".

Cousa distinta ocurre co libro de Novoneyra. Por se tratar de poesía da Terra e non de poesía do tempo —presente ou pasado, real ou imaxinario—, é unha poesía pouco "persoal". Mais ben é poesía "de todos". Trátase de unha poesía que refrexa unha zona anterior á individualización persoal: a zona do ser e mailo decorrer da vida cósmica na súa inserción coa vida humá. De ahí a súa elementalidade. De ahi a súa forzosa e difícil sinxeleza. Ningún poeta, por culto e requintado que o seu esprito for, podería descobrir ista sotíl zona poética de non estar fondamente arraizado na realidade cósmica que lle sirve de base espresiva. No libro OS EIDOS esprésase poéticamente a esperiencia máis radical e permanente do esprito galego en canto realidade coleitiva: a súa integración na vida cósmica. Esperiencia de vixencia inmudábele durante centos e centos de anos. Iste libro .houbérano .comprendido .plenamente, .como cousa propia, os caurelaus de fai mil anos. Como cousa propia comprenderano, tamén plenamente, os caurelaus de dentro de mil ou de dous mil anos. E ó decir caurelaus, podemos decir todolos galegos que teñan vivido ista esperiencia, pois quen non a tiver vivido como realidade formativa do propio ser individual, nunca poderá comprender de todo a verdade esencial da realidade galega.

Das tres dimencións espritoás que tiñamos percibido en Novoneyra, a poesía de OS EIDOS siñala o comenzo do seu contaito íntimo e conscente coa Terra. Nista dimensión, o mesmo que nas outras dúas, a súa vitalidade poética, aínda en plena mocedade, ten que lle ofrecer moitos froitos celmosos á

[19]

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

nosa lírica. Dentro da evolución xeral da poesía galega, OS EIDOS tamén siñala o inicio craro e consciente do que poderíamos chamar "a poesía como voz da Terra". Hai, dende logo, antecedentes isolados nuns e noutros poetas anteriores. Con todo, en ningún hai, hastra Novoneyra, unha vontade conscente de anulación do "persoal" en favor do "cósmico", unha fidelidade tan total ó que a Terra é en sí. Siñala espléndidamente unha liña de posibilidás ilimitadas para a nosa poesía. Siñala, incruso, o camiño que nos levará algún día a acadar a creación do gran Poema de Galicia, ise gran Poema de fondo máis ben impersoal que todolos pobos saben crear nalgún intre do seu paso polo tempo.

Pouco máis ou menos, tales foron os comentos e xuicios que os teus versos nos foron espertando naquilas leituras e conversas de Castropol. Falamos, craro está, de máis cousas, por exemplo do seu purísimo tesouro idiomático, e detivémonos, ás veces, a reparar nisas dúceas de palabras de cerne antigo, afeitas a andar entre as uces i entre as faias, a camiñar por carreiros e carrouzas, e que no teu libro acadan brilo e quentura coma se fosen estrelas vivas.

Non quero engadirche novas impresiós ás que de aló traio. Eiquí inda non tiven vagar senón pra lembrar o que che levo dito. Chegamos onte, e hoxe hai bastante rebulicio no lugar. Andan todos, ledos e lixeiros, a preparar a romaría do San Vitoiro.

Láncara, agosto do 1953.

Ramón PIÑEIRO

s/p {20}

Ampliar

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver


As verbas de este li-
bro son verdade nas ter-
ras outas e sóuas do Cau-
rel. N-elas, pra
non mancar as cousas,
sóio as nombro ou déi-
xoas ir de un movimen-
to seu, acustumado e
natural. NOVONEYRA

Ampliar

As verbas AS VERBAS de este diste li-
bro son verdade nas ter-
ras outas e sóoias do Cau-
rel. N-elas, pra
non mancar as cousas,
sóio as nombro ou déi-
xoas ir de un dun movimen-
to seu, acuostumado e
natural. NOVONEYIRA

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

s/p {21}

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver



Ilustración de Carlos Maside

s/p {22-23-24}

Ampliar

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.



Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Os tesos cumes

Ver

[25]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



13

Ampliar

OS TESOS CUMES

CAUREL DOS TESOS CUMES

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Invocación do Caurel

Caurel dos tesos cumes que se ollan de lonxe!
Aiquí... síntese ben o pouco que é un home...

[25]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



14

Ampliar

TERRAS SOIAS
Terras sóias

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Terras Cumes mouras das aigas!...
das aigas!...
Montes do sol i-a auga i a ágoa!
¡Serras! ¡Terras sóias ó sol!...
ó sol!... O sol baixa
de cara coma un pai á frol da braña..

Polo Couto...polas vagoadas
polas vagoadas i-os cousos da Seara...
pola Serra do Rebolo i-o Carreiro do Sono
vai Xosé de Parada
cara Viana do Bolo e Valdeorras Val de Orras,
sobindo e baixando costas, ...
n-un sono de idas e voltas...

Diante e tras d-il, a serra longa...

[26]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



15

Ampliar

OS MONTES DO SUL
Os montes do Sul

Hei de ir ó Píapáxaro i-as cumes do Faro
onde está o ceo a un vóo de paxaro.

Hei de ir á Rugueira, á i a Devesa de Donís
i-a do ó Rebolo, á Pinza i-o ó Chao dos Carrís.

Hei de ir á a Lousada i-a Pacios do Señor
á a Santalla, a Veiga de Forcas i-a Fonlor.

Hei de ir ó Cebreiro, pasar por Liñares,
sobir ó Oiribio, a Cervantes i-a Ancares.

Hei de ir á a Cido i-a Castro de Brío,
baixar i-andar pola aurela* do río.

Hei de ir á Céramo, cruzar a Faro i-entón
debrocar* pra abaixo, cara Oencia e León.

Hei de ir a Vales, i-a Pena da Airexa,
i-a un eido sóoio, onde ninguén me vexa.

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

[27]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



16

Ampliar

[28]

TERRAS ERMEDAS
Terras érmedas

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Terras
ermas
do Freixeiro! Montes
irados*! Pobos probes
que se foron
quedando nos hóosos!...

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

A LUCENZA

I

Ouh Covallo de Doña Briosa,
Lagos, fontiñas roibas
da Seara, Campo de Lerín, Murelos,
Cortello dos Cervos!...

II

Terras outas e craras da Lucenza,
onde se ollan cerca
as serras lonxanas!...

Voan as aigas coas áas abertas,
levando a sombra polas penas brancas
e polas herbas douradas e sanguentas

[29]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial

III

Eu son esto que vexo e que me ve
.....
Cebreiro...Faro....Oiríbio...Cervantes...
Ancares...
Capeloso, Montouto, Rebolo...Cumes soias
do Caurel...
Serras longas de Oencia e Val de Orras...

O cor.
preso no silencio antergo dos tesos,
sóio sinte a presencia do sol...

Inmensidade da terra i o ceo...

Primeira edición
d'*Os eidos*

Ver

[30]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



s/p {17-18}

Ampliar

Primeira edición
d'*Os eidos*



Terras de Moreda e Parada

Ver

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



19

Ampliar

TERRAS DE MOREDA E PARADA

MOREDA DAS MORODELLAS

Moreda das morodellas*

Moreda das morodellas!
nNogueiras, freixos da Varxa!
A Boca do Couto! As Augas Agoas
i-a Devesa da Rugueira!...

Baixando Moreda abaixo,
cara o Muiño das Edras:
peta bate a auga nas pedras,...
foza peta nas portas un touro*, ...
tecen as mozas na tea, ...
un monte, lonxe, fumea ...
e vai muiñando* o boi louro...

Primeira edición d'*Os eidos*



Ver

[31]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes [ ] e en cor marrón. A do manuscrito figura en verde e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor verde no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A vermella, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A marrón representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



20

Ampliar

FRAGAS DA PALEIRA

Fragas da Paleira

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Fragas iradas da Paleira!
Taras de cabras e ovellas,
de antre o Serro i-a Devesa!
Terra costa, fraca, i-erma!...

Taras = monte de peñas
(Escrito con lapis)

[32]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial


Encinal de Tarelo —

Encinos de Tarelo
— felos na noite!...

Polo cerengo do teso
i-o bico do cotarelo
os vosos brelos xanzgados
insinando os cotomelos...

21

Ampliar

ENCINAL DE TARELO
Encinal de Tarelo

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Encinos de Tarelo
— felos* na noite!...
–espantallos
que á mesma noite poin medo–!...
Polo cearengo* do teso
i-o bico* do cotarelo*
os vosos brelos* xanzados
insinando os cotomelos*...

[33]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial


Silencio dos tesos

Trousos do Fedo
i-a Lamelalonga!...

Silencio dos tesos
da uz i-a queiroga
ó sol marelo!...

22-

Ampliar

SILENCIO DOS TESOS
Silencio dos tesos

Trousos do Fedo
i-a Lamelalonga!...

Silencio dos tesos
da uz i-a queiroga
ó sol marelo!...

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

22

[34]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial


23.-

Terras abesedas

Terras abesedas
do Valdasnela i-os Pradairos
por Fontepreta arriba!...
Pasa o sol por elas escazurrado,
aubeando polas penas
sin deñar no barbeito dos baixos.

Terras do laz, por Xaneiro
adiante
hasta o Entroido i-a Demouca!...
Os trousos polas ladeiras
i-os carambelos nos teitos...

Terras xabreiras
de Sgnt-Eufemia i-os Cangos!...
Xeadas brancas e negras!...
Castiñeiros do Estreito!...
Prados da Veiga do Couso!...
Hortigois, charóouvias
meldrascos, cardios i-acedas!...

23

Ampliar

TERRAS ABESEDAS

Terras abesedas*

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Terras abesedas
do Valdasnela i-os Pradairos
por Fontepreta arriba!...
Pasa o sol por elas escazurrado*,
aubeando* polas penas
sin deñar* n-o barbeito dos baixos

Terras do laz*, por Xaneiro
adiante
dende o outo Nadal
hasta o Entroido i-a Demouca*!...
Os trousos* polas ladeiras
i-os carambelos nos teitos...

Terras xabreiras*
de Sant-Eufemia i-os Cangos!...
Xeadas brancas e negras!...
Castiñeiros do Estreito!...
Prados da Veiga do Couso!...
Hortigois* charóouvias*
meldrascos*, cardios* i-acedas!...

[35]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



24

Ampliar

O CHAO DO VIDOAL

O Chao do Vidoal

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Penas do Chan (sobre o -n hai un -o en lapis vermello: Chao) do Vidoal!...

Arandeiras*
rebolas, uces e xestas!...

Síntese o tempo longo
que pasou pouco a pouco
porriba d-istas penas vellas
cobertas de mofo...

[36]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



25

Ampliar

ARGANA DA PENA BRANCA
Argana* da Pena Branca

Primeira edición
d'*Os eidos*



Ver

Argana da Pena Branca
presa
baixo das matas de abraira
aentre as pestanas* da pena!...

Ven sóo dos castiñeiros
un ventiño pequeno
abalala...

[37]

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



26

Ampliar

~~Abidueiras do Valdasnela~~

Todo o escrito nesta páxina figura tachado, pero é lexíbel

~~**Abidueiras brancas**~~
~~**do Valdasnela!...**~~
~~**Corpiño de doncela**~~
~~**Brancura que cuasi mancas!...**~~

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



Primeira edición
d'*Os eidos*



Os boscos

Ver

s/p {27-28}

Ampliar

s/p {38}

Anótase a paxinación de ambos os dous textos. A do impreso entre corchetes **[ ]** e en cor **marrón.** A do manuscrito figura en **verde** e sen corchetes. Entre chaves de cor marrón ou verde, segundo os casos, sinálase a paxinación non marcada explicitamente nos textos.

A cor **verde** no texto indica todo o que, aparecendo na 1ª edición, figura tamén no manuscrito. A **vermella**, refírese a aquilo que, figurando no orixinal manuscrito, se desbotou para a edición. A **marrón** representa o que aparece na primeira edición pero non figura no orixinal. A **negra** responde ás indicación do autor desta edición xenética parcial



29

Ampliar

OS BOSCOS

A DEVESA DA RUGUEIRA
A Devesa da Rugueira

Augas Agoas brancas
da Rugueira!...
Bouzas* pechas de uces e xestas!...
de uces e xestas!...
Abrairas*, teixos, fáaias
xardois* e reboleiras*!...

As framullas* pósanse
na terra.
Descoberta xa a identificación espritoal do home coa Terra, primeiro en Compostela como realidade viva ouxetiva, dispois na Cruña como ouxetiva realidade poética, ó achegáreste outravolta ó Caurel tiñas que sentir unha nova, fonda e vivificante esperiencia: o sentimento da túa propia identificación coa Terra. E así foi. Namáis chegares aló levado polo primeiro permiso militar, comenzaches a vivir unha crísis espritoal, unha verdadeira crisis de crecemento espritoal con turbadora frebe emotiva. Percibiches, por primeira vez, unha misteriosa, profun-

volver

da i estremecente sensibilización de canto pisabas cos teus pés, de canto abranguías cos teus ollos, de canto tocabas coas túas maos, de canto escoitabas acaronciño ou lonxe de tí... Todo tiña voz, unha limpa e queda voz interior que se trasfundía na totalidade do teu ser arreguizado. Alí mesmo onde tantas e tantas veces tiñaste sentido arrodeado do indiferente mutismo de todo, agora escoitabas infinitas voces craras e distintas, talmente coma si se tratase de un inmenso clamor confidencial, ou de un máxico himno cósmico, grandioso e sinxelo, no que cada cousa falaba coa voz eterna e inmutábele da súa misteriosa verdade esencial. Así foi a túa identificación sentimental coa Terra, froito, máis que nada, de un contaito auditivo, de un escoitar a súa oculta voz. A sensibilidade auditiva e non a visual foi a que atravesou perceitivamente as paredes do castelo ideal en que estiveras anteriormente preso e te levou ó conquerimento de un mundo novo no que o Caurel convertíuse nunha parte sensíbele do teu propio ser. E naceron OS EIDOS...

Quedábache aínda a etapa final, a estación derradeira diste ano decisivo, e con ila un novo descobremento que faceres: a túa propia intimidade sentimental. Unha doenza aguda levárate ó Hospital Militar de Lugo. As mágoas da doenza e maila indiferente estraneza de aquíl mundo alleo, obrigábante a vivires en permanente e xabreira soedade. Unha soedade longa, longa, na que todo iba ausentándose, hastra as lembranzas. Pouco a pouco fúcheste quedando aconchegado dentro de tí mesmo, arredado da realidade esterior, sin máis achego que a quentura da propia intimidade sentimental. Chegaches, sin te poderes decatar, ós lindeiros mesmos da saudade.

volver

Viviches a túa soedade radical, a soedade singular que aniña no fondo de cada ser humán. E abríuse pra tí un novo horizonte, distinto dos dous anteriores: a túa intimidade sentimental, o centro mesmo do teu propio ser.

Veleiquí, meu querido amigo, como eu vin a túa evolución espritoal dende que a nosa amistade comenzou. Nila aparecen tres dimensións distintas da túa personalidade, que sin duda permanecerán no decorrer da vida inda que alternen a súa primacía conforme ás peripecias do teu eisistir. A primeira, a única que se percibía cando chegaches a Compostela, era a da afirmación voluntariosa do teu "ego", que auto-ouxetivabas idealmente nunha cobiza un tanto unamunesca de o faceres absoluto. A segunda, que se comenzou en Compostela, madureceu e afirmouse na Cruña e froitificou no Caurel, foi un saíres do teu "ego" pra entrares en contaito emocional cos homes e co mundo e, a través diles, coa Terra. A terceira, que se produxo en Lugo, foi un quedáreste soio no teu propio interior, un entrar en contaito coa propia intimidade sentimental pola vía da soedade, do asolagamento pasivo dentro de sí. A primeira refrexouse poéticamente no teu libro "Desde las Cosas"; a segunda, niste libro OS EIDOS, que teño diante; a terceira, non o sabemos... Quizáis se refrexe algún día no gran poema da Saudade que aínda botamos de menos nas letras galegas.

Eiquí tés, en resumen, a presentación do autor de OS EIDOS que lles eu fixen en Castropol. Resumireiche agora o que entre todos falamos do libro.

Os poetas, xa se sabe, son fillos do seu tempo e da súa terra. Nuns casos máis fillos do tempo e

volver

noutros máis fillos da terra. Ista poesía é filla da súa terra. Pura e sinxela como a terra mesma de que naceu, como as uces, coma os encinos, coma os primarrochos... É unha poesía sin época, unha poesía carente de condicionamento histórico. A súa ouxetividade ahistórica nace da esencial identificación coa terra mesma.

O ritmo da vida nas terras do Caurel obedece á lenta reiteración do suceder cósmico. O Abril, o Outono, a Nebra, o Vento, a Chuvia, as Ametencias, as Nabaregas... son sempre as mesmas. O mesmo son agora que fai mil anos. Dentro de mil anos serán igual que agora. Non dependen da historia; non dependen pra nada do dramatismo humán. Están ahí, diante dos homes. Estiveron sempre ahí. Estarán sempre. A vida dos caurelaus está sometida ó seu decorrer reiterante. O poeta, xurdindo disa mesma vida, descríbenolas. A descrición que nos fai de cada unha, de puro esencial, é cáseque unha "definición" poética.

A vida do Caurel, niste libro de versos fíxose voz poética, fíxose realidade comunicativa. Entrou no mundo da cultura, comenzou a vivir na historia. Nos comenzos da historia está a poesía. Toda gran historia debe comenzar con un gran poema. O Caurel, que pasou miles e miles de anos en silencio, agora comenzou a ter voz, comenzou a se sentir redimido do seu longo e frío mutismo xeolóxico pola gracia da palabra poética. Deica agora formaba parte da unidade xeolóxica e xeográfica de Galicia; dende agora entra a formar parte de súa unidade histórico-cultural. Na configuración histórico-cultural de Galicia acaba de cobrar presencia un novo e valioso elemento, que se nos revela na pureza esencial de

volver

uns versos inxeles. O espertar do Caurel tiña que ser así: espontáneo, sinxelo, elemental. Non esperta de un soño secular, perdido no pasado histórico, porque o Caurel non ten pasado "histórico". O seu pasado é anónimo, escuro, ahistórico, milenariamente profundo. Por iso o seu espertar é inxénuo, sinxelo, elemental. Non esperta invocando mitos, lendas, héroes ou grorias pasadas. O seu espertar é mesmo coma un romper a falar inicial, é o gozo estremecido de "nomear" as cousas. O seu mesmo nome —o nome do Caurel— non garda en sí ningún eco de resoanza histórica nin alude a héroes lexendarios. Alude sometes á direición de un vento.

¿Por qué non imaxinármonos un espertar poético de todalas demáis terras galegas? O mesmo que o Caurel, a Terra Chá, e Lemos, e Melide, e A Peroxa, e Deza, e Fisterra, e Monterrei, e A' Limia, e todalas demáis. O día que cheguemos a ter un Cancioeiro poético no que se recolla e se refrexe a voz de todalas terras galegas como en OS EIDOS se refrexa a do Caurel, daquela contaremos co gran Poema de Galicia, con isa especie de epopeia coleitiva na que todolos pobos refrexan o seu ser. Porque Galicia, que ten grandes poetas, non ten aínda o seu gran Poema. E o gran Poema de Galicia non poderá ter realidade senón refrexando a voz da Terra. Na vida da cultura galega, a Terra é un elemento aitivo i esencial. A nosa realidade cultural ven a ser a integración do humán e mailo telúrico, cualidade peculiarísima da nosa cultura, quizáis a máis difícil de comprender pra os alleos. Sin a base telúrica, a nosa espresión puramente humán é parcial, incompleta, sometida a perene vaguedade... Cando a escura e podente presencia da Terra acade trasparencia verbal,

volver

o esprito galego terá descoberto a base, o substrato fundamental no que as súas raíces afincan. Perderá a vaguedade atoutiñante do que se move no ignoto, no escuro e impalpábele. Porque a cultura galega nace da peculiar situación espritoal do home galego, que non é, como na maoría dos casos, o froito, o refrexo da intensa e integral relación do home cos outros homes. Eiquí a situación radical do home non consiste fundamentalmente na relación cos outros homes, senón na relación coa Terra; consiste na súa relación coa "vida cósmica" máis que na súa relación coa "vida social".

No decorrer da nosa cultura aitúan dous elementos fundamentás: o elemento histórico, que ten un dinamismo de ritmo mudadizo, e máis o elemento cósmico (a Terra), que é permanente e ten un dinamismo de ritmo lento e reiterante. A evolución da nosa poesía arrinca da asimilación de correntes culturás históricas (de unha época), e camiña cara o descobremento da Terra. Parte do elemento mudábele pra se achegar ó elemento permanente. A súa maturidade plena producirase cando teña desenvolto istas tres etapas:

I. O espertar inicial baixo o eco de unha corrente cultural histórica, etapa que antre nós comenzou co Romantismo, de certo por se tratar de unha corrente espritoal afín á nosa propia sensibilidade.

II. O descobrir a realidade cósmica, a Terra, o elemento básico permanente, tendencia que xa dende os comenzos se fixo presente na nosa poesía.

III. A síntesis, a integración do elemento cultural "histórico" co elemento "cósmico". Ou seña: a entrada da Terra na historia.

volver

Iste libro OS EIDOS marca o gran comenzo da segunda etapa, porque nil preséntasenos por primeira vez isa direición poética seguida de maneira crara e conscente. Noutros poetas anteriores —Rosalía, Pondal, Noriega— móstrase xa ista tendencia, mais en poemas isolados e sin a conscente craridade que envolve iste libro. Pondal, por exemplo, era home dotado pra iste descobremento. Algúns dos seus poemas responden a ista elementalidade sinxela e case impersoal. Con todo, preferíu abertamente envolver o seu mundo "bergantiñán" nunha atmósfera histórico-lexendaria creada por il mesmo. Non o tomou tal e como é na súa cósmica espontaneidade, senón que lle impuxo o rexo calco da súa propia personalidade espritoal. En lugar de ser a voz poética de Bergantiños, Bergantiños foi o achaque pra il crear un mundo poético persoal. O que nos ofrece é un Bergantiños "pondalián". Exercendo un señorío poético sin límites, Pondal traslada Bergantiños a un tempo histórico "imaxinario". Fai que un tesouro de lembranzas históricas —céltigas —apareza acochado nos rastros toponímicos de Bergantiños. Vai resucitando isas lembranzas con soio debullar os segredos de cada nome. Coma un deus solitario, transforma os nomes en seres animados, en pobos, en espritos máxicos. Recollendo nomes perdidos, nomes escuros coma pedras dos camiños, sábelles infundir alento e brilo espritoal, talmente coma si fosen antergas moedas soterradas nas que íl soupera ler vellas historias heroicas. Sábeos transformar nun universo persoal cheo de sentido interno e dotado, incluso, da forza trascendente (poética) de un mundo histórico verdadeiro. Con forza de xigante crea un

volver

universo persoal. Mais, ó cabo, iste universo "será sempre persoal".

Cousa distinta ocurre co libro de Novoneyra. Por se tratar de poesía da Terra e non de poesía do tempo —presente ou pasado, real ou imaxinario—, é unha poesía pouco "persoal". Mais ben é poesía "de todos". Trátase de unha poesía que refrexa unha zona anterior á individualización persoal: a zona do ser e mailo decorrer da vida cósmica na súa inserción coa vida humá. De ahí a súa elementalidade. De ahi a súa forzosa e difícil sinxeleza. Ningún poeta, por culto e requintado que o seu esprito for, podería descobrir ista sotíl zona poética de non estar fondamente arraizado na realidade cósmica que lle sirve de base espresiva. No libro OS EIDOS esprésase poéticamente a esperiencia máis radical e permanente do esprito galego en canto realidade coleitiva: a súa integración na vida cósmica. Esperiencia de vixencia inmudábele durante centos e centos de anos. Iste libro .houbérano .comprendido .plenamente, .como cousa propia, os caurelaus de fai mil anos. Como cousa propia comprenderano, tamén plenamente, os caurelaus de dentro de mil ou de dous mil anos. E ó decir caurelaus, podemos decir todolos galegos que teñan vivido ista esperiencia, pois quen non a tiver vivido como realidade formativa do propio ser individual, nunca poderá comprender de todo a verdade esencial da realidade galega.

Das tres dimencións espritoás que tiñamos percibido en Novoneyra, a poesía de OS EIDOS siñala o comenzo do seu contaito íntimo e conscente coa Terra. Nista dimensión, o mesmo que nas outras dúas, a súa vitalidade poética, aínda en plena mocedade, ten que lle ofrecer moitos froitos celmosos á

volver

nosa lírica. Dentro da evolución xeral da poesía galega, OS EIDOS tamén siñala o inicio craro e conscente do que poderíamos chamar "a poesía como voz da Terra". Hai, dende logo, antecedentes isolados nuns e noutros poetas anteriores. Con todo, en ningún hai, hastra Novoneyra, unha vontade conscente de anulación do "persoal" en favor do "cósmico", unha fidelidade tan total ó que a Terra é en sí. Siñala espléndidamente unha liña de posibilidás ilimitadas para a nosa poesía. Siñala, incruso, o camiño que nos levará algún día a acadar a creación do gran Poema de Galicia, ise gran Poema de fondo máis ben impersoal que todolos pobos saben crear nalgún intre do seu paso polo tempo.

Pouco máis ou menos, tales foron os comentos e xuicios que os teus versos nos foron espertando naquilas leituras e conversas de Castropol. Falamos, craro está, de máis cousas, por exemplo do seu purísimo tesouro idiomático, e detivémonos, ás veces, a reparar nisas dúceas de palabras de cerne antigo, afeitas a andar entre as uces i entre as faias, a camiñar por carreiros e carrouzas, e que no teu libro acadan brilo e quentura coma se fosen estrelas vivas.

Non quero engadirche novas impresiós ás que de aló traio. Eiquí inda non tiven vagar senón pra lembrar o que che levo dito. Chegamos onte, e hoxe hai bastante rebulicio no lugar. Andan todos, ledos e lixeiros, a preparar a romaría do San Vitoiro.

Láncara, agosto do 1953.

Ramón PIÑEIRO

AS VERBAS diste libro son verdade nas terras outas e soias do Caurel. Nelas, pra non mancar as cousas, soio as nombro ou dêixoas ir dun movemento seu, acostumado e natural.

NOVONEYRA.

volver





volver



OS TESOS CUMES

CAUREL DOS TESOS CUMES

Caurel dos tesos cumes que se ollan de lonxe!
Aíquí... síntese ben o pouco que é un home...

volver
volver

TERRAS SOIAS

Cumes mouras das aigas!...
Montes do sol i a ágoa!
¡Serras! ¡Terras soias ó sol!...
O sol baixa
de cara, coma un pai, á frol da braña.

Polo Couto...
polas vagoadas i os cousos da Seara...
pola Serra do Rebolo i o Carreiro do Sono
vai Xosé de Parada
cara Viana do Bolo e Val de Orras,
sobindo e baixando costas...
nun sono de idas e voltas...

Diante e tras dil, a serra longa...

volver

OS MONTES DO SUL

Hei de ir ó Piapáxaro i ás cumes do Faro
onde está o ceo a un vóo de paxaro.

Hei de ir á Rugueira, i a Devesa de Donís,
ó Rebolo, á Pinza i ó Chao dos Carrís.

Hei de ir a Lousada i a Pacios do Señor
a Santalla, á Veiga de Forcas i a Fonlor.

Hei de ir ó Cebreiro, pasar por Liñares,
sobir ó Oiribio, a Cervantes i a Ancares.

Hei de ir a Cido i a Castro de Brío,
baixar i andar pola aurela do río.

Hei de ir a Céramo, cruzar o Faro i entón
debrocar pra baixo, cara Oencia e León.

Hei de ir a Vales, i a Pena da Airexa,
i a un eido soio, onde ninguén me vexa.

volver

TERRAS ERMEDAS

Terras
ermas
do Freixeiro! Montes
írados! Pobos probes
que se foron
quedando nos hosos!...

volver

A LUCENZA

I

Ouh Covallo de Doña Briosa,
Lagos, fontiñas roíbas
da Seara, Campo Lerín, Murelos,
Cortello dos Cervos!...

II

Terras outas e craras da Lucenza,
onde se ollan cerca
as serras lonxanas!...

Voan as aigas coas áas abertas,
levando a sombra polas penas brancas
e polas herbas douradas e sanguentas...

volver

III

Eu son esto que vexo e que me ve:
. . . . . .
Cebreiro... Faro... Oíríbio... Cervantes...
Ancares...
Capeloso, Montouto, Rebolo... Cumes soias
do Caurel...
Serras longas de Oencia e Val de Orras...

O cor,
preso no silencio antergo dos tesos,
sóio sinte a presencia do sol...

Inmensidade da terra i o ceo!...

volver

TERRAS DE MOREDA E PARADA

MOREDA DAS MORODELLAS

Moreda das morodellas!
Nogueiras, freixos da Varxa!
A Boca do Couto! As Agoas
i a Devesa da Rugueira!...

Baixando Moreda abaixo,
cara o Muíño das Edras:
bate a auga nas pedras...
peta nas portas un touro...
tecen as mozas na tea...
un monte, lonxe, fumea...
e vai muñando o boi louro...

volver
volver

FRAGAS DA PALEIRA

Fragas iradas da Paleira!
Taras de cabras e ovellas,
de antre o Serro i a Devesa!
Terra costa, fraca i erma!...

volver

ENCINAL DE TARELO

Encinos de Tarelo
—espantallos
que á mesma noite poin medo—!...

Polo carengo do teso
i o bico do cotarelo
os vosos brelos xanzados
insinando os cotomelos...

volver

SILENCIO DOS TESOS

Trousos do Fedo
í a Lamelalonga!...

Silencio dos tesos
da uz í a queiroga
ó sol marelo!...

volver

TERRAS ABESEDAS

Terras abesedas
do Valdasnela i os Pradaíros
por Fontepreta arriba!...
Pasa o sol por elas escazurrado,
aubeando polas penas...

Terras do laz,
dende o outo Nadal
hasta o Antroido!...
Os trousos polas ladeiras
i os carambelos nos teitos...

Terras xabreiras
de Sant-Eufemia i os Cangos!...
Xeadas brancas e negras!...
Castiñeiros do Estreito!...
Prados da Veiga do Couso!...
Hortigois, charouvias
meldrascos, cardios i acedas!...

volver

O CHAO DO VIDOAL

Penas do Chan
do Vidoal!...

Arandeiras,
rebolas, uces e xestas!...

Síntese o tempo longo
que pasou pouco a pouco
por riba distas penas vellas
cobertas de mofo...

volver

ARGANA DA PENA BRANCA

Argana da Pena Branca,
presa
baixo das matas de abraira
entre as pestanas da pena!...

Ven sóo dos castiñeiros
un ventiño pequeno
abalala...

volver



OS BOSCOS

A DEVESA DA RUGUEIRA

Agoas brancas
da Rugueira!...
Bouzas pechas de uces e xestas!...
Abraíras, teixos, faias
xardois e reboleiras!...

Fontiñas do corzo!
Misterio do bosco
calado!...
Non hai otro templo mas vasto,
nin outro credo
que este silencio...

volver
volver

A BRETEMA

Panos brancos esfiañados
da nebra,
aubeando
polos vals,
polos soutos
í as devesas marelas,
en busca dun cavorco
ou dunha valiña outa
que os acolla
í os faga acougar!...

Fiañas da nebra,
sobindo e baixando a gaíola do ar
polas serras érmedas
e polos boscos espidos do Nadal!...

volver

NO BOSCO DO OUTONO

I

Pasa o sol lene
sobor do bosco quedo que soña
nunha morte longa, lenta e irremediabel,
como se el non fora
o Pai Sol. Recenden
as derradeiras froitas refeitas...
Calan as aves senlleiras...
ollan pra sombra. .
soñan...
Na tarde,
todo quere ser o aire...

. . . . . .

Can as follas dando voltas...
e quedan xuntas ó pé da arbre...

II

—Agora eu penso en cando escriba
os derradeiros versos...
..... e téñote, amiga,
para non ter medo...

volver

CHOIVA NO BOSCO

Chove maina e calada...
Vense os fíos da auga
contra as bandas escuras das penas...

Nos soutos i as devesas
as pingoadas esbaran e baíxan
petando de folla en folla...

As veces
co vento a ruxidoira medra i esvécese...

Agora, eu son soio pra choiva...

volver

O MOFO

CHOIVA DO MOFO

Chove xunto e miúdo...

Como siga unhos dias iste tempo
vai dar gusto
ver cobertas de mofo: as penas
as paredes vellas
as aurelas dos ríos
i as presas,
as estoldas dos muíños,
os teitos,
os castiñeiros, xa sin folla
i as árbores todas.

volver
volver

O MOFO DAS PEDRAS

Iste mofo das pedras,
tan vello e tan miudiño,
é o silencio baixiño
que lles vai saíndo en frebas
e que se queda ó pé delas
pra que non poidan sentilo.

Mofo lento das pedras,
polas aurelas das presas
e polas beiras do río!...

volver

OS CAMIÑOS

O CAMIÑO DO MONTE

que non sei pra onde vai
ROSALIA.

Vai polo monte o camiño
outeando coma un louco:
cara abaixo moi aprisa,
cara arriba pouco a pouco...

Cruza soio a serra toda
sin levar outra compaña
que a gran presencia do ceo,
sobre o silencio da braña...

Eu non sei pra onde vai,
mentras o quedo mirando.
Soio sei que ailí se compre
o sono que estou soñando..

volver
volver

CAMIÑO DE VIANA

Vai o Xosé de Parada
atravesando, il solo,
a Devesa do Rebolo.

O camiño sobe, baixa, torce
e morre ó lonxe...

Cabalgando vagariño
cruza a terra do viño
cara Viana do Bolo...

O camiño sobe, baixa, torce
e morre lonxe...

Deixa a serra pasada.
Leva a ialma asiñada
cunha mágoa de camiño...

O camiño sobe, baixa, torce
e morre ó lonxe...

volver

AS FONTES

FONTIÑA DO CARABEL

I

Fontiña do Carabel!
Agoa branca
nacida ó pé dunha faía
teñe que ter bon beber.

Ven. Chégate
aiquí. Toma,
pon de calexa ista folla.
Asenta ben no buraco.

—¡Qué fontiña máis pequena!
Sécase
con un sorbato.

II

Fontiña do Carabel,
que dás xusto o que un pode beber!

volver
volver

FONTELA

Prados de Fontela
que herbiña vos crobe
máis marela,
que primaveira máis probe!...

Zumega... zumega que zumega,
zumega a fonte
do monte...
Baixa a ágoa... e rega...

volver

volver

A FONTE DA LAMEIRA

Oise a fonte, que de día está calada...

Penas do Real, coa alma asomada
branqueando ó luar!...

Sinto un medo, de nada,
que me pode matar...

FONTE DAS LUBICIEIRAS

Fonte das Lubicieiras:
nacendo por vinte bocas,
ruxindo de mil maneiras!...

volver



volver



TERRA DE FONTES

Terra moura das montañas!
Boa terra que dás ágoa
é tés ágoa nas entranas!...

volver

volver

VENDO A AGOA QUE PASA

Ista ágoa da presa,
son eu ou é ela?...

volver

A POZA

Esbara a ágoa pola lastra
e cai na poza,
pingoada a pingoada...

Onda a onda,
unha onda tras outra,
tarda xusto en chegar
a que a dianteira morra...

volver

O OLLO DO RIO

Vendo e oíndo o río
pasa o tempo sin sentilo...

Naz a ágoa su as abrairas
antre as penas sombrizas...
Roxe... e baixa
de pincheira en pincheira...
e corre entretecida
polas presas...

volver

O AIRE

NO SILENCIO DA TARDE

O aire sabe unha cousa...
que se perde se un a conta.

volver
volver

A SOMBRA

Quen na outa tarde andivo a catar o aire, sabe
que a sombra é máis que unha leve escuridade.

volver

AIRE AMIGO

Ista tarde o aire é meu amigo.

Voume sumindo... sumindo...
Se o aire quer
chegarei a non ser ninguén.

volver

AIRE DA SERAN

Sólo pro aire, nas seráns
íbame eu indo de vagariño
cara a Cernada, cara o Pumar,
polo Camiño do Biduido,
polo Camiño do Bolosal...

Sólo pro aire, nas seráns...

volver

A SERAN

NA OUTA SERAN

Prados do Chao da Ladal
na outa serán!...

Baixa a ágoa durmindo
polo val tranquilo...

Ollando no río
voume indo inordiña non sei pra que sitio...

volver
volver

MENSAXE SOTIL

Fala a tarde baixíño,
i o corazón sínteo...

volver

A SERAN DOS PRADOS

Pastoras senlleiras
fiando ó pé das bidueiras!...

Peneirar do peneiriño
polo Noval e Fontela!...
Prados do Val d-Asnela
e do Campo do Muiño!...

Sonos que van
dar á serán!...

volver

TARDE DE MARMAÑEIRA

Chove pausiño pras sombras...
Chove pra abaixo e pra arriba...
O aire, de sono en sono...
A ágoa, pinga que pinga...

Ven a noite polos eidos...
Vaise a tarde que nin xeme
decindo «adeus» con un xeito
que non sei nin se me esquece...

volver

A PRIMAVEIRA

A VINDA DA PRIMAVEIRA

Brila a ágoa nas beiras...
as calzas do cuco polas uceiras
i as bouzas dos outos boscos
nos tesos núos e foscos...

volver
volver

TEMPO DOS PRIMACHORROS

Primachorros brancos,
panqueixo i amarguexos!...
Argana polos barrancos!...
Folla podre nos reprexos!...

volver

XISTRALES DA SITIMA

Xestas froridas da Sítima!
Vírtas de xesta piornal!...
Terra probe, sequíza,
de penedo i herba chá!...

volver



O VRAO

A VINDA DO VRAO

Veo o tempo craro do Vran: as festas i os traballos.
Veo a lua das segas i a gadaña dos prados...
os gavilleiros, as medas i o troupelear dos mallos.

volver
volver

A CAIDA DAS CANDIAS I OS NINOS

Agostan
as veigas. Cain as candías
das cantrochas calvoas...
Os ninos que andan á aubea
fan parvas e medíñas pequenas
de candías apiladas...

volver





O OUTONO

A VINDA DO OUTONO

Veo o tempo morno do Outono!

Os días son tardes longas
nas que o aire soña
ser ainda unha cousa mas leve.

Todo teñe o seu xesto dos sonos,
o seu xeito mas lene:
os tesos, os camiños que se van
na serán dos vals...
os soutos alumados douro...
eu quedo, ollando ó mofo...

volver
volver

SETEMBRE

I

Nacen as tollemerendas
polos campazos i os chaos,
nas cembas de Remesqueda
no Souto de Sanromao...

II

Cai a choiva que dá sono
na queda serán dos prados...
i eu cravo enviso os meus ollos,
sin ver o que estou ollando...

volver

CAIN AS FOLLAS

Chove nas veigas sin que se oia...
Unha tras outra
can as follas dando voltas...

Ollando á serra calada
un agarda
unha cousa queda e lonxana...

volver

DOR DA CAIDA DA FOLLA

Cain as follas...
Sinto unha cousa
que se apousa en min e non me toca...

volver

LEMBRANZA DO VRAN
DE SAN MARTIÑO

Amiga alba e delgada,
estás lonxe, e non hai nada
en toda a serra calada...

Lémbraste, ó vir os gados,
cando estabamos sentados
ollando os soutos dourados?...

volver



O INVERNO

A VINDA DO INVERNO, PRO LABREGO

Ehí vein os cordeiros fiar os cordallos!
Acabáronse os traballos.
Viñeron as neves. Veu a choiva i o vento
pra quen non pode estar drento.

Eu, no meu,
cada ún no seu
teña pan, teña leña
teña herba pra os bois
e despois
veña o que veña.

Cebar os cochos, matalos,
salalos i afumalos...
Ir derretendo na grasa,
ir atizando na brasa...
"Sempre hai que facer na casa".

volver
volver

AS FAINTEIRAS

Fentos secos
do Inverno!

Fainteiras
do Val Arcón e Fontela!

Manchas de cobre vellentas,
roxas, pardas e marelas
esperdigadas
aiquí i aló pola serra!...

volver

A FIANDEIRA

Fiandeira namorada.
que fías detrás do lume,
cos ollos postos nas chamas
roxiñas, brancas i azúes!

Fiandeiriña que fías,
nas noites do longo Inverno,
as liñas tan delgadiñas
que os fios do pensamento!

Cai a neve branca fora,
riba dos teitos, calada...
mentras ti fías e soñas
nunha cousiña lonxana...

volver

XANEIRO XABREIRO

Xea...
Fai un frío que queima...
Pouco a pouco
érguese a terra en trempos.
Os tourois, os trousos,
as ametencias do Xaneiro!
Cruza un lobo...
Roxe a folla nos carreiros
aló no fondo dos cousos...

volver

NOITE DE INVERNIA

Esto sí é chover e ventare!
Qué noite pra mariñeiros e camiñantes!...

Metidiño na camiña,
tapadiño hasta as orellas,
sinto zapicar as beiras
e oío o vento que asubía...

volver

AS NABAREGAS

Pacen as vacas
nas nabaregas...
Treme a pequena
que vai con elas...

Frebeiro chove.
Frebeiro xea.
Frebeiro neva
neve lixeira...

volver

VENDO NEVAR

Neva, venta e fai fume.
Vense a xente á tralo lume
i axóugase toda encol
ó cariño do remol...

Fora, ríba do lousado,
óllase por un furado
nevar a copo tendido
e despois a entretecido...

volver

A NEVARADA

Cai a neve, cai... cai...
folerpiña a folerpiña,
nin o vento a arremuíña
nin a ágoa a desfai...

Cido, Castro de Brío, nevados...
Baixa a neve hastra os prados.

volver

O LUME

O OLLO DO LUME

Neva no bico da cume...
.....
neva xa pola ladeira...
....
neva no teito e na eira...
.....

Eu a ollar pra o lume...
i o lume a ollarme...
o lume sin queimarme
fai de min fume...

volver
volver

A DESHORA

Chega a hora de irse á cama.
O lume xa non dá fume
nin chama...
Tras tantas cousas contadas
van indo acabadas
as ganas de falar...
Ollar pra o ollo do lume
xunta nunha as miradas...
Queda a brasa das ragoadas
amontoada no lar...

volver

AS NEBRAS

OLLAR DE VAGAR

Zóa o vento e relumbra polas uces...
Sai o sol e súmese nas nebras...
Polos montes baixan e suben
sombras longas, estranas e negras...

Pasan as nebras por riba da braña
e polo monte o sol a manchas...

Eu debruzado na presa,
enviso nela...

Pasan as nebras por baixa da ágoa
como pantasmas...

volver
volver

AS NEBRAS QUE PASAN

Pasan... pasan as nebras...
Eu sinto que me deixan e me levan...
. . . . . .
Ista dór que agarda só que a alcendan!...
Ise algo meu que en todo se me queda!...

volver

NEBRAS DE VERLO DE OVELLA

Inorde, a fatos, pra León
nebras de verlo de ovella
lixeiras, brancas e mestas...

Ollando os vals sin sol,
o cor non doí nin deixa...

volver

POR SAN XOAN

Cara a Monforte de Lemos
Montes marelos de pan...

Cara o Incio, coma navíos
nebras brancas, de vagar...

volver

A CHOIVA

CHOVE PRA QUE EU SOÑE

Chove pra que eu soñe...

volver
volver

CHOVE, CHOVE...

"Chove na casa do probe"...
Chove no monte e nas viñas...
Envolca a ágoa en regueiras,...
í ailí onde can as beiras
baila muiñeiras miudiñas...

Chove... chove...

volver

CHOIVA DE OUTONO

Chove...
Sinto unha mao que me crobe...
Está o aire enfexo
ollando algo que eu non vexo...

Os paxaros, os prados
os eidos calados...

volver





volver



VIDA DE PASTOR

LEMBRANZAS DA VIDA DE PASTOR

I

Prado
do Campo do Muíño! Niste chao sentado
cando viña eu de níno co gado
facía cintos de xunco trenzado.

II

Prados da Veiga do Xal
de Cido e da Reboleira,
onde se avista o Real
i a xente que ven da feira!

Iba eu polos camiños,
ora cantaba ou xubriaba,
de cando en cando paraba
a varexar os espiños.

volver
volver

Todalas tardes traguía
gargantiñas de amorodos
i arandos que eu collía
i en chegar comíaos todos.

Camiño da Parediña
tornaba eu co gado
pola tarde baixiña.
Moi ispaciño viña
que aínda quedaba no prado...

Prados da Veiga do Xal,
de Cido e da Reboleira,
onde se avista o Real
i a xente que ven da feira!...

volver

PASTORA DO CAUREL

Pastora que pasala vida
no monte soíña!...

Pastora que fías e cantas
co a roca á illarga!...

Pastora que cantas e fías
lá branca, merina!...

Pastora que fías e cantas
á tardiña baixa!...

Pastora que cantas e fías
á noite baixiña!...

volver
volver

BOIS BURDIOS

Boi burdión,
de corno broco,
aliñón!

Boi marón
de boubo foco,
outeón!

volver

PASTORA NAMORADA

Germana de Romeor,
fía e canta no Sumedo
á raia do albor...

Germana de Romeor
olla e cala pro ucedo
á raia do solpor...

volver

NO SILENCIO DA SERRA

Oir pacer as vacas, na serán
no silencio da serra
sume a ún cuasi tanto coma no val
ver pasar a ágoa das presas...

volver

OS LOBOS

O LOBO

Os sonos negros i os xeitos brocos da noite
nun envoltoiro, polos carreiros do monte...

volver
volver

LUBICIEIRAS

Mora o lobo no Fedo,
na Lamelalonga, nos prados
do Noval, na comba
das penas, na Poxa
da Lomba:
nos eidos máis pechos e calados
onde ninguén o oxa...

Neva no Chao do Toxedo
e nas Lubicieiras...

Teño medo ós penedos i ás uceiras!...

volver

EIDOS SOIOS

I

Cousos do lobo! Caborcos do xabarín!

II

Eidos soios, onde ninguéu fot nin ha dir!...

III

—O lobo! Os ollos,
o lombo do lobo!...

IV

Baixa o lobo polo ollo do bosco
coma un sono...
movendo nas flaíras dos teixos
ruxindo nas follas dos carreiros
en busca de vagoada máis soia
e máis medosa...

volver

Rastrexa... rastrexa...
párase e venta...
finca a pouta, ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca...

volver

NOITE DE LOBOS

Marmaña... marmaña...
¡Qué noite de lobos!...
Oulan os cás nas aíras...

Anda a nebra baixa
polos cavorcos do souto
e polas bouzas da braña...

volver



OS PAXAROS

RITMOS DE VOO

Cotolovíos
ourioles, tordos, merleaos;
paxaros e paxariños
polos ríos,
polo souto e polos chaos...
e bandadas e bandadas
de estorniños
polas labradas...

volver
volver

O CANTO DO PAXARIÑO

No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño,
no mesmiño
bicarelo do bico do brelo...

volver

A CANTIGA DO CUCO

Canta o cuco... cala e canta
nos castiñeiros do val...
Pasa o tempo e non dí nada...
e torna o cuco a cantar...

volver

PAXÁROS DO VAL DO BÁTAN

I

Rincha o cabalo rinchón...
Peta o piquelo no encino...
Resga o gaio unha canción
e guíndaa díndes do ar,
e vai voando, sín tino,
buscando outra noutro brelo
que ha de ter o mismo síno,
índo e vindo á voar
de Cído pra Tarelo...

II

Enche o cuco o val co seu cantar...

volver

DA SERAN I A NOITE

SERAN DO SOÑADOR

Viña eu dos Calvares
soñando no aire...

Pasei Su a Fonte
cos ollos ó lonxe...

Deiteime na herba
co as maos nas meixelas...

volver
volver

O CASTELO DO CARBEDO

Castelo do Carbedo,
soio prá tarde, no bico de un penedo!...

volver

NA FIESTRA, A OUTA NOITE

Van as nebras ó ras da Lucenza...

Alumean os chotos no Chao do Longo...

Brilan os bargos no Taro Branco...

Oulan os lobos nos Focaros...

Laia o apertador no Val Arcón...

Aturula a curuxa na Serelluda...

Oise ó lonxe o soar das fontes...

volver

VAGAR, NO PUMAR

Andaba eu su os mazairos, de vagar,
ó pecho da noite...
O aire i eu andabamos, os dous, a soñar...

Andaba eu su os mazairos, de vagar,
ó pecho da noite...
As aves xa atoparan a cana onde pousar...

Andaba eu su os mazairos, de vagar,
ó pecho da noite...
Ninguén, nin eu, sabía onde podía estar...

FIN DE
OS EIDOS

LAIO DO NOVONEYRA

Escurecen os penedos...
Baixa a sombra do ucedo
aniñárseme no peito...

Inorde, un tras outro,
foron morrendo os meus sonos
e quedei soio de todo.

Estou soio coma un lobo
ouveando cara a noite...
Anguria de morte!...
Arelanzas de louco!...

Ista dór! Ista dór! Ista
dór miña!...

Berro caído nun couso...
A dór alúmame todo
e ollo a morte no fondo...

volver
volver

NOVAS VERBAS DE DOR

I

Pechouse a noite riba do ucedo
i eu non vin ainda o cor da miña amiga!
Agora é cando un treme e ten medo...

II

Iste desacougo!... Ista cousa!...
Ista mao xorda que tira!...
Iste querer irse sin saber pra onde!...

III

Agora o meu cor é unha chaga encendída...
Unha mao loba anda escalazándome a ferída...

volver

IV

Ista dór!... Ista dór!... Iste cor meu
que así me doi!...
Ista dór que me veo, ela de seu
sin saber polo que foi!...

V

Foi coma se caíra nunha cova:
antes era noite i era día,
agora é todo unha negrura loba!

volver

INDICE

Carta a Novoneyra 9

OS TESOS CUMES

Caurel dos tesos cumes 25
Terras soias 26
Os montes do Sul 27
Terras érmedas 28
A lucenza 29

TERRAS DE MOREDA E PARADA

Moreda das Morodellas 31
Fragas da Paleira 32
Encinal de Tarelo 33
Silencio dos tesos 34
Terras abesedas 35
O Chao do Vidoal 36
Argana da Pena Branca 37

OS BOSCOS

A devesa da Rugueira 39
A Brétema 40
No bosco do Outono 41
Choiva no bosco 42

O MOFO

Choiva do mofo 43
O mofo das pedras 44

OS CAMIÑOS

O camiño do monte 45
Camiño de Viana 46

AS FONTES

Fontiña do Carabel 47
Fontela 48
A fonte da lameira 49
Fonte das Lubicieiras 50

A ÁGOA

Terra de fontes 53
Vendo a ágoa que pasa 54
A poza 55
O ollo do río 56

volver

O AIRE
No silencio da tarde 57
A sombra 58
Aire amigo 59
Aire da serán 60
A SERAN
Na outa serán 61
Mensaxe sotil 62
A serán dos prados 63
Tarde marmañeira 64
A PRIMAVEIRA
A vinda da primaveira 65
Tempo dos primachorros 66
Xistrales da Sitima 67
O VRAO
A vinda do vrao 69
A caida das candias i os ninos 70
O OUTONO
A vinda do outono 73
Setembre 74
Cain as follas 75
A dór da caida das follas 76
Lembranza do vran de San Martiño 77
O INVERNO
A vinda do inverno, pro labrego 79
As fainteiras 80
A flandeira 81
Xaneiro xabreiro 82
Noite de invernía 83
As nabaregas 84
Vendo nevar 85
A nevarada 86
O LUME
O ollo do lume 87
A deshora 88
AS NEBRAS
Ollar de vagar 89
As nebras que pasan 90
Nebras de verlo de ovella 91
Por San Xoan 92
A CHOIVA
Chove pra que eu soñe 93
Chove, chove... 94
Choiva de outono 95

volver

VIDA DE PASTOR

Lembranzas da vida de pastor 99
Pastora do Caurel 101
Bois burdiós 102
Pastora namorada 103
No silencio da serra 104

OS LOBOS

O lobo 105
Lubicieiras 106
Eidos solos 107
Noite de lobos 109

OS PAXAROS

Ritmos de voo 111
O canto do paxariño 112
A cantiga do cuco 113
Paxaros do val do Batán 114

DA SERAN E A NOITE

Serán do soñador 115
O castelo do Carbedo 116
Na fiestra, á outa noite 117
Vagar, no pumar 118

ONDAS DE SAUDADE

Laio de Novoneyra 119
Novas verbas de dór 120

REMATOUSE DE IMPRENTAR NOS TALLERES DO
FARO DE VIGO, O DIA 15 DO MES DE
SANTIAGO DE 1955.

GLOSARIO galego-castelán das voces pouco usadas ou privativas do Caurel, empregadas en

OS EIDOS

de

NOVONEYRA

ABESEDO. Sombrío, poco soleado. Dícese de las tierras que miran al Norte.
ABRAIRA. Avellano.
ALIÑAR. Embestir, prender el hilo (a liña) del acometimiento.
AMETENCIA. Crecida en caudal, inundación.
AMETER. Crecer en caudal, inundar.
APERTADOR. Pájaro nocturno.
ARGANA. Hierba dura de los ribazos y prados de secano.
ASINADA. Marcada.
AUBEA. Alegre menester de distraerse en compañía.
AUBEAR. Deambular, ir a la ligera, hacer como el alba.
AURELA. Orilla.
AXOUGAR. Acomodarse.

BARGO. Gran piedra movediza.
BICO. Punta, cima.
BICARELO DO BICO DO BRELO. Puntita de la punta de la rama.
BOUBO FOCO. Hijar hundido.
BOUZA. Bosque bajo.
BRELO. Rama.
BURACO. Agujero.
BURDIAR. Cantar los bueyes.

CABALO RÍNCHON. Pájaro que relincha.
CABORCO. Lugar hondo, oscuro y propicio al miedo.
CALZAS DO CUCO. Las últimas nieves, las que sin llegar a cubrir la tierra quedan desperdigadas como calzas de un pie diminuto.
CANELA. Canilla, pierna.
CANDIA. Flor del castaño.
CANTROCHAS CALVOAS. Viejos castaños de flor blanca y plumosa.
CARDIO. Cardo.
CEMBA. Ribazo.
CERENGO. Línea eminente.
CORDALLO. Cuerda pequeña.
CORDEIRO. Cordanero, el que hace cuerdas.
CORNO BROCO. Cuerno que nace hacia atrás.
COTARELO. Cotarro.
COTOLOVIO. Cotovía.
COTOMELO. Prominencia dura.

CHOTO. Tronco grueso, cortado, que alumbra de noche con la carcoma.
CHARÓUVIA. Hierba que nace en los sitios de agua corriente.

DEBROCAR. Volcar, coger hacia abajo en un camino.
DEMOUGA. Tiempo de la corta o poda de los castaños.
DEÑAR. Fijarse.

ENFEXO. Fijo, entregado a una acción.
ENVISA. Ensimismada.
ENVOLTOIRO. Bulto.
ESCALAZAR. Escalabrar.
ESGROMAR. Quebrar puntas de una rama.
ESCAZURRADO. Desconfiado, corrido, escarmentado.
ESZUNCHAR. Florecer, brotar hojas o flores.

FELO. Tipo carnavalesco, cosa fea y desgreñada.
FENTOS, FAINTOS. Helechos.
FLAIRA. Rama pequeña con hojas.
FRAMULLAS. Puntas de rama con hojas, barjas de retama.

GAIO. Pájaro multicolor cuya canción suena como si se rasgase algo.
GAVILLEIRO. Gavilla larga.
GOLFOIÓN. Borbotón.

ILLARGA. Cadera.
INORDE. Despacio.
INADO. Empinado, pendiente. Dícese también del que pasa muy aprisa.

LABRANDEIRA. Pájaro ("Motacilla alba").

volver

volver

volver

LAZ. Helada, escarcha.
LOUSADO. Tejado de pizarra.

MARÓN. Entero, sin castrar.
MELDRASCO. Hierba peluda.
MENDOS. Remiendos.
MORODELLA. Montón de piedras.
MUÑAR. Mugir.

NABAREGAS. Tiempo de febrero, cuando las vacas paren los nabales.

OULAR. Aullar.
OUTEANDO. Ir deambulando como un loco, sin ton ni son.
OUTEON. Deambulador.
OXAR. Ahuyentar haciendo ruido.

PANQUEIXO. Flor blanquiamarilla.
PARVAS E MEDIÑAS PEQUENAS. Pequeñas pilas cuadradas y redondas.
PESTANAS DA PENA. Salientes de la peña.
PINCHEIRA. Pequeña cascada.
PIQUELO. Pájaro carpintero.
PRIMACHORRO. Margarita.

RAGOADA. Hoguera.
RAZADAS. Acometidas.
REBOLEIRA. Robleda.
RODEIRA. Camino de carro.

SORBATO. Sorbo pequeño.

TABAO. Tábano.
TOLLEMERENDAS. Flor que aparece en Septiembre, cuando se suprime la merienda.
TOURO. Cerdo macho sin castrar.
TOURÓN. Tierra endurecida por la helada.
TREMPO. Témpano.
TROUSO. Pila de nieve amontonada por el viento.

VALIÑA. Vallecito.
VIRTA. Parcela de monte.

XABREIRO. Frío, lugar donde prevalece la helada.
XARDÓN. Acebo.
XEITOS BROCOS. Hechuras torvas.

ZUMEGAR. Rezumar.

volver
volver

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 VIGO

Libros publicados

COLECCION GRIAL

1—"Presencia de Galicia" 15
2—"Pintura actual en Galicia" . . 15
3—"Presencia de Curros y Doña Emilia" 15
4—"Aspectos jurídicos y económicos de Galicia" 15
Cada número, en edición especial 20

MANUALES GALAXIA

F. F. del RIEGO, "Historia de la Literatura Gallega" 20
V. RISCO, "Historia de Galicia" . 25
R. OTERO PEDRAYO, "GUIA DE GALICIA". Tela 75
CESAREO SACO, "Gramática gallega" . . . . . (En preparación.)

COLECCION LITERARIA

R. CABANILLAS, "Antífona da Cantiga" 25
Idem, edición especial 40
R. OTERO PEDRAYO, "Por os Vieiros da Saudade" 25
Idem, edición especial 50
ANXEL FOLE, "A lús do candil. Contos a carón do lume" . . 25
CASTELAO, "Os vellos non deben de namorarse" 20
Idem, edición especial 50
ALVARO CUNQUEIRO, "Merlín e familia" 25

ENSAYOS

"7 ensayos sobre Rosalía" 30
"La Saudade" 35
"Paisaxe e cultura" 35
R. CARBALLO CALERO, "Sete poetas galegos 30
M. HEIDEGGER, "Da esencia da verdade" . . . . . (En preparación.)

COLECCION PONDAL

"Escolma de Poesía Galega. I, Escola medieval galego-portuguesa", Edición de Xosé María Alvarez Blázquez 25
"Escolma de Poesía Galega. IV. Os contemporáneos". Edición de F. F. del Riego . . . . . (En prensa.)
Fr. M. SARMIENTO, "Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega . . . . . (En preparación.)

MONOGRAFIAS DE ARTE NOVO

"COLMEIRO", por A. Bonet Correa 25
"MASIDE", por R. García Suárez e A. Cunqueiro 25
"SEOANE", por D. García-Sabell 25
"EIROA", por L. Seoane . . . . . (En preparación.)

volver


EDITORIAL
GALAXIA S.A.